



BAD NEWS GAME

BADNEWS GAME

<https://www.getbadnews.com/en>

"The Bad News Game" é un xogo multipremiado deseñado para combater as noticias falsas e construír resistencia psicolóxica contra a desinformación en liña. Este xogo, foi desenvolvido en colaboración co colectivo de medios holandés DROG e a axencia de deseño gráfico Gusmanson.

En que consiste?

A premisa do xogo é sinxela, trátase de construír un Imperio de Fakes News!

A desinformación e as fake news son un desafío importante na sociedade actual. É máis importante que nunca ser capaz de avaliar criticamente diferentes fontes e identificar as características típicas da desinformación e as fake news, co

fin de tomar decisións informadas como consumidores, participantes en debates públicos e votantes en eleccións.

No xogo das Malas Novas, cualidades como a integridade, ética e feitos honestos son secundarias. Trátase de converterse nun creador de fake news cuxo obxectivo principal é provocar, mentir, falsificar, amedrentar, enganar, etc. co fin de obter o maior número de seguidores en liña posible. A idea é que ao utilizar e entender os métodos das persoas da vida real que difunden información falsa, esperan fomentar o espírito crítico de aqueles que xogan.

O xogo polo de agora non ten versión en castelán, si existe en portugués e mais en inglés, pero trátase dun xogo bastante sinxelo de seguir e traducilo non é difícil.

Como podemos empregalo na clase?

O xogo require aproximadamente 20 minutos para completarse online dende a páxina: <https://www.getbadnews.com/en>.

Unha aproximación recomendada é xogar primeiro e despois discutir as técnicas que os estudantes usaron. Recoméndase dividir aos estudantes en parellas e que xoguen xuntos mentres pensan activamente no que están a facer. O xogo debe darlles unha visión valiosa dos diversos principios da desinformación e mostrar claramente o fácil que é manipular a información.

Tarefas propostas

Durante o xogo, gañarás distintivos por impersonación, emoción, descrédito, trolling, polarización e conspiración. Explica que significa cada un destes termos (ver pdf sobre fake news).

Que crees que motiva á xente a crear e difundir fake news?